

## NADA DE NADA

*A Ana Romani*

A el nunca lle pasaba nada. Non merece sequera unhas liñas, moito menos facer del un relato enteiro porque é que nunca lle pasaba nada. O que se di nada de nada. De rapaz andaba só porque os outros nenos entraban e saían a demasiada velocidade para daren por el e, por demais, non ían deixar de cazar un paxaro ou argallar un partido por pararse a chámalo, total para que lles fose un entretollo. El xa estaba afeito e non lle importaba. Saía á porta da casa para velos pasar e, asemade, gozar do sol morniño do empardecer. Alí mesmo se deixaba estar, esperando con alegría o regreso dos rapaces con algún triunfo na man e, así, ao final, incorporábase á festa e participaba do éxito de todos.

Pouco a pouco os outros foron medrando. Tamén el, só que para si mesmo non miraba. Comezou a ir aos bailes cos amigos, con un ou con outro e case sempre se puña a carón do máis lanzado ou do máis guapo, aquel para o que todas as mozas miraban. Así foi como tivo moi perto á Vixelina, unha rapaza de moita envergadura e con moito carácter que nada máis perdía o xuízo polo Emilio de Chouzas e por nengún outro. De alí a pouco

o Emilio e mais ela casaron. Foron os primeiros do seu tempo, moi noviños os dous, tanto que non faltou quen a dese a ela por preñe. ¿E que? Mellor para eles que levaban traballo adiantado. El alegrouse de verdade e, cando a Vixelina pariu, case lle daba por pensar que o filio aquel se lle ía acabar parecendo porque, aínda que certamente o pai fose o Emilio, algo del tiña que haber na Vixelina do moito que a miraba. E é que lle gustaba, pero non era a única. Tamén se fixara na moza do Blas, que non sabía como se chamaba e un día ela até accedeu a botarlle un baile, con permiso do noivo, ben entendido. E tan embebido estivo en dar os pasos e apertala ben que esqueceu de preguntarlle o nome e así quedoulle «a do Blas» xa para sempre.

A aldea tamén foi cambiando. As casas vellas trasmudaron os descunchados grises de cachote e cemento por azulexos brillantes. Iso facíano os emigrantes cos cartos que traían de fóra cando volveron, que disque a cousa se puxo do diaño por aí polo mundo. El nunca sentira o degaro de marchar. Total para o que el necesitaba, ben abondaba a leira, para ir tirando. Gustaba, iso si, do solpor entre as árbores, do chiar dos paxaros e mais dun parrafeo na tasca os domingos á tarde. Para o último, o da tasca, mau sería que non houbera e o primeiro, o de camiñar entre as árbores, iso dábano de gratis.

E o tempo foi pasando, saíronlle enrugos e caíulle o pelo, pero ninguén llo dicía e, cando se miraba ao espello para barbearse, tampouco el o notaba. Un a un os amigos foron morrendo. El ía aos enterros a dar as condolencias á familia, igual que había anos fora felicitar as vodas. Máis tarde ou máis cedo, as viúvas, que xa non volverán ser as boas mozas de outrora, tamén foron indo. Os fillos deles e toda a mocidade da aldea procuraban traballo na vila, para podérense dar mellor vida que os pais. Cando volvían, á súa vez con máis fillos, era só para estaren uns días fechados nas casas, que eles chamaban chalés, e volver con présa e o coche cheo de trastes á Cidade. Xa case non coñecía a ninguén e ninguén o coñecía a el.

Un día espertou cunha sensación estraña e triste: inusitadamente o sol morno do amañecer mirábao de lonxe con fría indiferencia. As árbores e os paxaros parecían non chamar por el tampouco. Por primeira vez, desde que tiña memoria, coñeceu o que era a soidade e algo como un frío e un cansazo que viña lévalo á terra escura para onde os demais, un a un, xa foran indo. Deuse conta de que non de ía dar tempo, pero quería telo contado na tasca, o domingo á tarde, quería contar como a morte foi a única cousa que lle pasou na vida.

Luisa Villalta